

SESIÓN ORDINARIA DE 30 DE DECEMBRO DE 2015

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:20 minutos do día 30 de decembro de 2015 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez, D. Jesús Fernández García, D^a María José Martínez Vigo, D. José Manuel López Castro, Dona María Magdalena Ron Villar, D. Xosé Ferreiro Fernández, D. Francisco Xabier Molinos Campos e Dona María Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO 29 DE OUTUBRO E DO 23 DE NOVIEMBRE DE 2015

Ponse de manifesto aos membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 29 de outubro e 23 de novembro de 2015.

A concelleira de Foro Lugo di que que quere facer unha apreciación xa que, segundo di, cando manifestou que as contas do Concello estaban “cadradas a machete” non se refería ao labor da interventora municipal senón á xestión do grupo de goberno. E engadiu que o alcalde interpretou mal as súas verbas xa que non estaban referidas á interventora . A concelleira subliñou ademais que lle parece inxusto que a habilitada nacional se dera por aludida xa que lle merece todo o respecto polo traballo estupendo que desenvolve e fixo fincapé en que esa interpretación non foi a que ela manifestou. Abondou nesa idea ao dicir que se referiu á utilización de criterios contables para cadrar as contas a machete pero que “non ten que ver unha cousa coa outra”.

A continuación intervén o alcalde para manifestar que o sr. secretario ten que transcribir a acta tal como está. Engade que lle parece ben que a concelleira se desculpe e que o acepta pero lémbrale que na sesión na que se aprobaron as contas non fixo ningún matiz ao respecto senón que o único que dixo era que as “contas estaban cadradas a machete”.

O alcalde ponlle un exemplo para ilustrar a situación e dille que é unha situación similar á que se produciría se di que hai un informe xurídico que está mal feito e como consecuencia o secretario, como responsable, se dá por aludido, algo que sería lóxico.

O sr. Pardo Lombao engade que o que lle dixo á concelleira foi que non ía permitir que se puxera en dúbida o labor da funcionaria.

Sométese a votación a aprobación das actas citadas.

Realizada a votación, as resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

2.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A DEVOLUCIÓN DA TAXA IMPOSTA PARA A REGULARIZACIÓN CATASTRAL

O concelleiro do grupo municipal do BNG, don Xabier Molinos, inicia a defensa do texto da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA CHAMADA TAXA DE REGULARIZACIÓN DO IBI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante as últimas semanas as veciñas e veciños de Outeiro están a recibir nos seus domicilios unhas cartas da Dirección Xeral do Catastro onde se lles comunica que varios inmóbeis e/ou fincas van ser incluídas no IBI do ano 2016, pois “presuntamente” non estaban incluídas anteriormente ou que outras que xa estaban incluídas sufriron cambios que non foron comunicados á Dirección Xeral do Catastro.

Por este “traballo” de inclusión feito por unha empresa privada que foi subcontratada polo Catastro, cóbranno, ou máis ben incáutanos, unha taxa de 60 € por cada tipo de contribución, rústica e urbana, e por cada parcela.

Tamén hai que ter en conta que este “traballo” é unha auténtica “chapuza” pois non ten ningún tipo de garantía de calidade dado que as medidas son totalmente “a ollo” e están baseadas en comparativas de anteriores fotografías feitas dende vistas aéreas.

Ademais de todo isto, hai que ter en conta que as altas no catastro son totalmente gratúitas, non entendéndose entón que se nos cobre por facer esta regularización, máxime cando isto nunca ocorrera ata que o PP aprobou esta lei no Parlamento de Madrid.

No aspecto económico as razón tamén son claras e contundentes, pois o concello de Outeiro de Rei vai ter un incremento de ingresos por este imposto totalmente espectacular dado que por unha banda vén de subir o IBI no ano 2015 un 25% e, por outra, o aumento dos valores catastrais despois da regularización tamén van ser moi elevados.

Por todo iso, dende o BNG PROPOÑEMOS ao Pleno Municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte

MOCIÓN:

Que despois do cobro do Imposto sobre Bens Inmóbeis (IBI) do ano 2016 se proceda á devolución a cada contribuínte en forma de bonificación o importe das cantidades que cada un pagou por mor das chamadas “taxas de regularización”, procedendo a facer as reformas que sexan necesarias na lexislación municipal para levar a cabo esta proposta.

Do mesmo xeito, que se publicite de forma axeitada para que todas as veciñas e veciños sexan coñecedores desta bonificación e poidan solicitar a correspondente devolución.

En Outeiro de Rei, a 23 de novembro de 2015”

A continuación teñen a palabra a voceira do grupo municipal de Foro Lugo e manifesta o seu acordo co solicitado polo BNG.

A concelleira do PSOE manifesta que a regularización que se está levando a cabo supón un incremento da base imponible de tributos como o IBI e engade que, se se lle paga a unha empresa privada para facer o traballo, este debería estar ben feito e non presentar erros.

Na seguinte quenda intervén o alcalde para manifestar que non ten a certeza de que todo o traballo estea ben feito nin ao revés xa que, segundo di, será cada propietario o que poderá ter esa información xa que son eles os que reciben a carta comunicándolles a regularización feita e, de non ser correcta, deberán presentar alegación como acontece ante calquera outro acto da Administración.

Subliña o rexedor que estas actualizacións non son novas e que xa se teñen feito noutras ocasións co fin de poñer ao día as edificacións reformadas ou construídas de novo e evitar así a fraude fiscal. Trátase neste caso, como mantén o alcalde, dunha regularización feita en toda España e que nesta ocasión leva asociada unha taxa que antes non levaba e que, tal como sostén o Sr. Pardo, é probable que se deba ás medidas que houbo que adoptar en España para frear a crise económica e conter o gasto público.

Polo que respecta á taxa, Pardo Lombao lémbrale ao representante do BNG que o Concello non pode devolver unha taxa que non cobra, xa que está imposta polo goberno central e é a Facenda estatal quen a recada.

Abonda no tema para dicir que é obriga dos particulares comunicarlles ao Castastro as novas edificacións construídas e as modificacións feitas, tal como dispón a lei e que, de facelo así, non hai ningún custo para os particulares. Noutro caso, cando a regularización se fai dende a propia Administración, pode haber unha multa e, neste caso, unha taxa, fixada co fin de equilibrar os orzamentos nacionais e controlar o déficit.

Tamén manifesta o alcalde que cando a regularización se fixo a instancias do Concello, foi este o que asumiu o custo para non repercutirlllo aos veciños pero neste caso non é posible xa que a regularización ven imposta por outra Administración e non poden devolver dende o Concello o que non cobraron. Fai fincapé igualmente no feito de que a imposición dunha taxa ten moito que ver coa política desenvolvida por gobernos que actuaron alegremente con anterioridade e que nunca deberían ter permitido chegar á situación de crise que logo se deu no país.

Na quenda de réplica, intervén o concelleiro do BNG para dicir que, ata a actualidade, rexistrar algún ben no Catastro era gratuito e que a empresa non cobra os 60€ que teñen que pagar os propietarios por regularizar cada parcela ou construción. Por iso pide unha modificación da lexislación local tal como prevén facer outros concellos que van levar a cabo bonificacións no exercicio 2016, por exemplo Monterroso.

Outro dos temas tratados polo dito concelleiro foi a inxustiza que na súa opinión se produciu á hora de levar a cabo a regularización e para ilustrala pon varios exemplos acontecidos no Concello de Outeiro de Rei. Así menciona o caso de propietarios de piscinas portátiles externas ou soterradas que se consideraron construcións novas ou casos de veciños que se viron obrigados a pagar por ter feito pequenos galpóns para as galiñas ou os cans.

Isto, unido ao feito de que o Concello de Outeiro de Rei teña un remanente de 400.000 €, xustifica na opinión do concelleiro nacionalista que a moción teña peso propio e polo tanto deciden mantela.

Logo desta réplica e á vista da renuncia a intervir de Foro Lugo e do PSOE, manifesta o alcalde que cando coñezan o padrón do ano 2016 poderán facer actuacións relativas ao IBI. Subliña que non se tratará de suprimir os 60 € da taxa de regularización senón, de selo caso, doutras medidas que conveña adoptar. Tamén lle lembra ao concelleiro nacionalista que Outeiro de Rei é un dos concellos cun tipo impositivo máis baixo, fronte a outros nos que gobernan eles e que teñen unha fiscalidade máis gravosa.

Continúa dicindo o alcalde que o remanente existe porque xestionaron con prudencia e non se endebedaron como fixeron outras administracións e que iso é moi favorable para o Concello xa que lle vai permitir facer obras que precisa. O rexedor tamén argumenta que hai que respectar o equilibrio económico e manter os servizos públicos, algo que se fixo en Outeiro de Rei. Ao mesmo tempo, Pardo Lombao di que o seu desexo é que se paguen os impostos máis baixos que sexa posible sempre que a calidade asistencial se manteña e, por iso, ve posible a toma de medidas que reduzan a fiscalidade no ano próximo, sempre e cando a coxuntura económica o permita.

En canto ás inexactitudes da regularización, alegadas polo concelleiro do BNG, o alcalde di que é posible que se teñan cometido erros tendo en conta que se levan tramitado miles de expedientes pero engade que para iso están as reclamacións. Lembra que o Concello de Outeiro de Rei puxo ao servizo dos veciños a infraestrutura precisa para presentar as alegacións e puntualizou que apoiarán aos veciños que teñan a razón ata as últimas consecuencias.

Fai fincapé de novo en que por dar de alta as construcións o Catastro non cobra e que ademais é a nosa obriga facer esta comunicación.

Igualmente reconece que él, como rexedor, quere que os servizos municipais sexan os mellores e os veciños paguen o menos posible pero todos por igual xa que non sería xusto que uns pagaran e outros non.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor e oito votos en contra, pertencentes aos conlleiros do grupo municipal do PP.

3. ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE FORO LUGO INDEPENDIENTE RELATIVO Á MELLORA DA CALIDADE DO SERVIZO DE AUGA MUNICIPAL

O alcalde pídelo ao secretario que o lea pero a concelleira de Foro Lugo interrompe para dicir que quere facer unhas apreciacións xa que presentaron dúas mocións que foron transformadas en rogos e quere saber en que norma xurídica se basearon para facer esta transformación.

Logo deste preámbulo, a concelleira argumenta que se ben a xurisprudencia non é unánime ao respecto, si hai sentenzas, como a do TSX de Canarias que sostén que é competencia do Pleno admitir as mocións e resolver sobre o seu fondo. Entende a dita concelleira que o alcalde debeu deixar que se presentaran como mocións para que logo decidira o Pleno se ese enfoque era correcto ou non.

Engade a representante de Foro Lugo que non cuestiona a facultade do alcalde para fixar a orde do día pero si se refire á discrecionalidade do rexedor que, na súa opinión non é absoluta senón relativa. Refírese á que considera unha obriga de incluír na orde do día os asuntos de control dos órganos de goberno das corporacións locais e subliña que lle corresponde ao Pleno decidir que tratamento se lle dá á moción. A continuación menciona normas xurídicas como a Lei 7/85 ou o ROF para soste que os rogos refírense a cuestións de escasa contía que se presentan para que o grupo de goberno os tome en consideración e logo sexan entendidos polo servizo municipal correspondente. Di a concelleira que iso é o que se fixo no caso analizado pero mostra a súa disconformidade con tal tratamento xa que non lle parecen cuestións menores nin os temas de peligrosidade na seguridade vial que, na súa opinión, existe na urbanización

que hai diante da parroquia de Mosteiro; nin tampouco o problema de abastecemento de auga potable na parroquia de San Martín de Guillar. Continúa a disertación referíndose ao artigo 26 da Lei 7/85 e reprocha que a auga desta parroquia non poida ser utilizada nin para uso doméstico nin hixiénico dende hai anos polo que, na súa opinión, estase a vulnerar a lexislación e isto, puntualiza a concelleira, malia que o alcalde leva case dúas décadas ao fronte do Concello.

A continuación refírese ás funcións que lle corresponden legalmente ao secretario como habilitado nacional e indícalle ao rexedor que se puido asesorar con el para fixar a orde do día do Pleno e que, en caso de dúbida, o secretario podería emitir un informe ao respecto.

Logo desta disertación, o alcalde preguntoulle ao secretario se a transformación en rogo que se está cuestionando é legal ou non e o a resposta é a seguinte:

Manifesta o secretario que a diferenza entre unha moción e un rogo é que a moción implica a adopción dun acto resolutivo de eficacia xurídica e, engade, o criterio xurisprudencial é unánime ao considerar que entre o alcalde e o Pleno non existe unha relación xerárquica senón unha distribución de funcións en base ao principio de competencia. Por este motivo, en temas como a dirección de servizos ou a sinalización viaria, o Pleno non pode adoptar accións xa que estaría invadindo o eido competencial do alcalde e existiría un acto antixurídico. Esta é a circunstancia que, segundo o criterio do secretario, motiva a necesaria transformación da moción presentada por Foro Lugo nun rogo.

Ao remate desta explicación, a concelleira manifesta o seu desacordo co pronunciamento do secretario e o alcalde indícalle que non van entrar a debater máis unha cuestión que xa quedou aclarada e que se, tal como manifesta, non está de acordo, tendo en conta que non se precisa unanimidade na opinión expresada, a discrepante ten a opción de presentar unha reclamación se así o estima necesario.

Logo deste matiz, o secretario procede a ler o rogo do seguinte teor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL FORO LUGO INDEPENDIENTE DE OUTEIRO DE REI PARA SU INCLUSIÓN EN EL ORDEN DEL DÍA DEL PRÓXIMO PLENO DEL AYUNTAMIENTO PARA QUE SE INTERCEDA DON LA EMPRESA O EMPRESAS ADJUDICATARIAS DE LA RED DE AGUA PÚBLICA DE ESTE CONCELLO PARA MEJORAR LA CALIDAD DE LA MISMA Y CON UNA MAYOR INCIDENCIA EN LA URBANIZACIÓN DE SAN MARTÍN DE GUILLAR, TODO ELLO AL AMPARO DE LO ESTABLECIDO POR LA LEY 7/1985, DE 02 DE ABRIL, REGULADORA DE LAS BASES DE RÉGIMEN LOCAL Y EL REAL DECRETO 2568/1986, DE 28 DE NOVIEMBRE, POR EL QUE SE APRUEBA EL REGLAMENTO DE ORGANIZACIÓN FUNCIONAMIENTO Y RÉGIMEN JURÍDICO DE LAS ENTIDADES LOCALES, ARTÍCULO 97.3.-

D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ CASTRO Y DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR portavoz y viceportavoz de (FLI) en esa Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presentan la siguiente MOCIÓN.

EXPOSICIÓN MOTIVOS:

Es más que evidente que uno de los servicios más cuestionados por nuestros vecinos es el agua de la red pública, desde el precio exigido por el concello por enganche, que supera a la mayoría de otros concellos limítrofes en igual condiciones, entre un setenta o setenta y cinco por ciento más, cuestión que este grupo municipal no entra en este momento a valorar si bien nos parece excesivo, pasando por lo que si al menos y mínimamente nos parece preocupante como es la pésima y muy deficiente calidad del agua, y con una especial incidencia en las épocas pluviales llegando al extremo de no poder ser utilizada ni tan siquiera para uso higiénico cuanto más para el doméstico, lo que está generando una enorme preocupación entre los vecinos de este Concello y en especial a los residentes de la urbanización de San Martín de Guillar, ya que, en la inmensa mayoría carecen de otro tipo de abastecimiento, que sin dejar de ser un servicio básico, es fundamental para la calidad de vida diaria por todos reconocida, menos aparentemente por quienes tienen la responsabilidad de velar por unos servicios municipales eficaces y de aptitud.

Por lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Outeiro de Rei el debate y aprobación de la siguiente

MOCIÓN:

Se le exija a la empresa o empresas adjudicatarias e igualmente responsables de la instalación y potabilización de la red de agua pública de este Concello la mejora de calidad de la misma, con una mayor incidencia en la urbanización de San Martín de Guillar donde presenta un estado muy deficiente.

En Outeiro de Rei a 14 de Diciembre de 2015”

Cando remata a lectura, o alcalde fai unha precisión: indica que a auga de San Martín de Guillar ten as mesmas características cá do resto do Concello xa que procede da mesma rede, do mesmo depósito e da mesma potabilizadora. Indica tamén que se vai adxudicar con carácter inmediato a ampliación da potabilizadora, unha obra cun custo que supera os 400.000 € e que vai mellorar a calidade e a cantidade da auga que se vai subministrar no municipio, deixando este problema resolto para anos.

O rexedor tamén quere deixar constancia de que Outeiro de Rei é un dos poucos concellos da provincia, incluíndo o de Lugo que é quen de dar abastecemento de auga a calquera veciño, en calquera punto do Concello e en todos e cada un dos 180 núcleos rurais que hai no termo municipal. Isto, engade o alcalde, débese aos importantísimos investimentos desenvolvidos ao longo dos anos e que continúan na actualidade para seguir mellorando a calidade do servizo.

4.- ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE FORO LUGO INDEPENDIENTE PARA QUE SE INSTALEN BANDAS RUGOSAS, PASOS DE PEÓNS E SINALIZACIÓNS DE LIMITACIÓN DE VELOCIDADE

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, ao rogo dos seguinte teor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL FORO LUGO INDEPENDENTE DE OUTEIRO DE REI PARA SU INCLUSIÓN EN EL ORDEN DEL DÍA DEL PRÓXIMO PLENO DEL AYUNTAMIENTO, PARA QUE SE INSTALEN BANDAS RUGOSAS, PASOS DE PEATONES Y SEÑALIZACIONES DE LIMITACIÓN DE VELOCIDAD EN LA VÍA PÚBLICA QUE TRASCURRE POR DELANTE DE LA URBANIZACIÓN DE LA PARROQUIA DE MOSTEIRO, TODO ELLO AL AMPARO DE LO ESTABLECIDO POR LA LEY 7/1985, DE 02 ABRIL, REGULADORA DE LAS BASES DE RÉGIMEN LOCAL Y EL REAL DECRETO 2568/1986, DE 28 DE NOVIEMBRE, POR EL QUE SE APRUEBA EL REGLAMENTO DE ORGANIZACIÓN FUNCIONAMIENTO Y RÉGIMEN JURÍDICO DE LAS ENTIDADES LOCALES, ARTÍCULO 97.3.-

D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ CASTRO Y DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR portavoz y viceportavoz de (FLI) en esta Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presentan la siguiente MOCIÓN.

EXPOSICIÓN MOTIVOS:

A medida que fueron ocupando las viviendas los residentes de la urbanización de Mosteiro mayor es la sensibilización ante la falta de señalizaciones de limitación de velocidad al igual que las correspondientes bandas rugosas y paso de peatones en la vía pública que transcurre por delante de la urbanización de la parroquia de Mosteiro, máxime cuando por allí siendo una carretera estrecha sin arcén circulan vehículos a una velocidad inadecuada para dicho tramo, poniendo de ese modo en peligro la integridad física sobre todo de los vecinos que allí residen o de cualquier otro viandante a lo que hay que añadir que se trata de matrimonios por lo general jóvenes y con hijos de corta edad los cuales como es obvio, desconocen el potencial peligro presente a escasos metros de la salida de su casa.

Por lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Outeiro de Rei el debate y aprobación de la siguiente

MOCIÓN:

Iniciar los trámites necesarios para que se proceda de forma inmediata al estudio y posterior instalación de al menos tres bandas rugosas y otros tantos pasos de peatones con sus correspondientes señales, junto con las de limitación de velocidad

para ofrecer a los vecinos de la zona las máximas condiciones de seguridad y tranquilidad.”

Logo da lectura o alcalde intervén para puntualizar que na parroquia de Mosteiro non hai ningunha urbanización e, en canto á instalación de bandas rugosas, matiza que iso se fará de acordo cos interesados e afectados. E isto será así xa que a dita instalación ocasiona ruidos e pode resultar molesta para os veciños, de tal xeito que se os veciños solicitan a presenza de bandas rugosas, dende o Concello estudárase a petición para darlle trámite pero sempre logo da súa solicitude e contando co seu acordo.

No medio desta disertación interrompe o concelleiro de Foro Lugo para indicarlle ao alcalde que o seu comportamento é temerario ou irresponsable xa que, segundo di, hai máis de catro anos un grupo de veciños fixeron esa solicitude e non se fai nada para evitar accidentes aos veciños. Tamén acusa ao rexedor de irresponsable xa que entende que a súa actitude arrastra ao seu grupo de goberno a unha prevaricación e faille saber que, de se producir calquera accidente, a formación que representa vaise presentar como acusación particular.

O alcalde agradécelle o interese amosado pola súa persoa e indícalle que o que debe facer é velar polas irregularidades que cometa o propio concelleiro xa que das que poida cometer o alcalde xa se encarga el mesmo.

5.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dase conta das resolucións de Alcaldía adoptadas dende a última sesión plenaria ordinaria, cuxa copia púxose a disposición dos concelleiros na Secretaría da Corporación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

A continuación, a instancias do Alcalde o secretario da lectura ao rogo presentado polos concelleiros do grupo municipal do BNG, con data de rexistro de 29 de decembro e número 4144, do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta, para súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Debido á forte demanda xerada pola comercialización da vacina contra a meninxite B, denominada Bexero e a recomendación para a súa administración á poboación pediátrica por parte da Asociación Española de Pediatría (AEP), así como do Comité Asesor da Vacina e da propia pediatra de Outeiro de Rei e tendo en conta

que a enfermidade é grave, causa a morte no 9,6 % dos afectados e entre un 10 % e un 30 % dos que sobreviven sofren secuelas importantes, como amputacións, problemas neurolóxicos, retraso mental, xordeira... fai que non nos poidamos permitir un brote da mesma, co conseguinte risco para a saúde pública.

A venta libre, desde o pasado 1 de outubro, introduce un elemento de desigualdade polo seu alto custo, hai que ter en conta que cada dose custa arredor de 106 €. Os lactantes entre 2 e 6 meses deben recibir catro doses, os que están entre os seis meses e os dous anos tres e os maiores desta idade dúas. Non podendo ser asumidas estas cantidades por todas as familias, polo que trasladamos a esa Alcaldía o seguinte

ROGO

Para que desde a Alcaldía do Concello de Outeiro de Rei se inste á Xunta de Galicia, e máis en concreto a súa Consellería de Sanidade, a que inclúa no seu calendario vacinal a da manixite B, de igual forma que se inclúen outras, e cuxa gravidade é inferior.

E Outeiro de Rei, a 28 de decembro de 2015”.

Logo desta lectura o secretario le o escrito de preguntas presentado polos concelleiros do grupo municipal de Foro Lugo Independiente, con data de 29 de decembro de 2015, e número 4143, do seguinte teor literal:

“D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ CASTRO Y DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR PORTAVOZ Y VICEPORTAVOZ (FLI) EN ESA CORPORACIÓN MUNICIPAL Y AL AMPARO DE LO ESTABLECIDO POR LA LEY 7/1985, DE 02 DE ABRIL, REGULADORA DE LAS BASES DE RÉGIMEN LOCAL Y EL REAL DECRETO 2568/186, DE 28 DE NOVIEMBRE, POR EL QUE SE APRUEBA EL REGLAMENTO DE ORGANIZACIÓN FUNCIONAMIENTO Y RÉGIMEN JURÍDICO DE LAS ENTIDADES LOCALES EN SU ARTÍCULO 97.7.-

FORMULAN LA SIGUIENTES PREGUNTAS:

PRIMERA.- Indemnizaciones por razón de servicio (dietas y kilometraje) durante los meses de Julio, Agosto, Septiembre, Octubre y Noviembre 2.015 del Alcalde, Concelleiros del Gobierno Municipal, Funcionarios, así como Persoal Técnico y Laboral, desglosado nominalmente y con justificación de la motivación.

SEGUNDA.- Metros cúbicos de agua pública consumida durante los meses de Julio y Agosto, así como metros cúbicos facturados.

TERCERA.- Número de Licencias de obras pendientes de concesión así como fecha de presentación según registro de entrada.

CUARTA.- Tipo de contrato concedido para la construcción del centro social de la parroquia de Parada.

QUINTA.- Kilovatios consumidos y facturación abonada meses de Julio, Agosto, Septiembre y Octubre alumbrado público, polígono industrial de Matela.

SEXTA.- En relación a la concentración parcelaria: Parroquias incluidas y estado en que se encuentra dicho proyecto.

En Outeiro de Rei a 28 de Diciembre de 2.015”

O Alcalde resposta nos seguintes termos:

1. O alcalde di que este tipo de pagamentos está reflectido no decreto ou no acordo da Xunta de Goberno
2. Di o alcalde que os metros cúbicos de auga consumida en xullo, agosto e no resto dos meses son os facturados. A única salvidade é a dos centros públicos como PAC, centro social, colexio, etc xa que nestes casos habería que buscar entre todos os recibos os correspondentes a cada mes para ter o dato concreto.
3. Contesta o rexedor que ese dato proporcionarao no próximo Pleno xa que a pregunta presentouse o día anterior e non houbo tempo para recopilar a información precisa
4. Di o alcalde que é un contrato de obra menor
5. Pardo Lombao di que tendo en conta que hai máis de 150 recibos ao mes, traer ese dato por separado a este Pleno non foi posible
6. Di o alcalde que están incluídas 8 parroquias, 4 en estado de medición e 4 en fase de estudo de impacto ambiental

A continuación, o secretario le o escrito de preguntas presentado polos concelleiros do grupo municipal de BNG, con data de 29 de decembro de 2015, e número 4145, do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro de lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta, para a súa resposta no Pleno por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Temos coñecemento que en distintos puntos do Concello os sinais co nome das rúas están en mal estado. Algún deles xa non presenta a placa co nome da mesma (o cal dificulta a identificación da rúa) e noutros a dita placa está a piques de caer, xa que está suxeita cun único parafuso. Está última circunstancia ademais pode provocar algún incidente non desexable.

Por todo iso, o Grupo Municipal do BNG fai ante este Pleno Municipal a seguinte

PREGUNTA:

1. *De quen é a responsabilidade da conservación e mantemento de ditos sinais?*

2. *Que pensa facer o Concello para solucionar ditas incidencias?"*

1.- Di o rexedor que sospeita que se trata de actos de vandalismo xa que as placas son novas e pensa que estes danos son similares ós que producen ás veces nas arquetas o unas bombillas do Concello. En calquera caso, o alcalde indica que a súa intención é sempre reparar os danos ou facer as reposicións que se precisen tan pronto como os servizos municipais detectan os desperfectos.

2.- O propósito do alcalde é reparalas tan pronto como as coñeza

A este respecto o rexedor toma notas dos desperfectos que lle van relatando os concelleiros do BNG coa finalidade de axilizar a reparación ou reposición segundo proceda.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o alcalde dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas e dez minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde